



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMANDO AO CONSELLO ESCOLAR

De acordo coa Convocatoria de eleccións a Consellos Escolares, o vindeiro **martes 23 de novembro de 14:00h a 17:00h**, celebrense neste Centro a votación para a elección de representantes dos pais, nais ou titores legais do alumnado no Consello Escolar.

Para participar na referida votación procederáse da seguinte forma:

1º.- Quen pode votar.

Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores legais do alumnado matriculado no Centro que figure no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral e tras a súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ambos os dous.

2º.- Modo de emitir o voto.

- O voto será directo, secreto e non delegable.
- Os modelos de papeletas e sobres da votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do Centro, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación.
- Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos candidatos, por orde alfabético de apelidos, e cada elector deberá marcar cunha cruz un máximo de **un** nome das candidatas ou candidatos relacionados, debendo acreditar a súa personalidade, no momento de votar, mediante a exhibición do dni ou documento similar.
- Finalizada a votación procederáse ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

A dirección deste Colexio **anima a todos os pais, nais e titores legais do alumnado a que participen na votación** do próximo martes, como unha forma máis de colaboración na organización do Centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de pais e nais no Consello Escolar.

Barbadás, 17 de novembro de 2021

A Directora e Presidenta da Xunta Electoral



Asdo.: M^{te} Elena Gayo Álvarez